

CARACTERÍSTICAS DOS ANEXOS

Anexo 1: O texto das obras será en formato A4, paxinado e procesado a espazo 1,5; letra tipo Times New Roman, tamaño 12. Debe ter como límite mínimo 5.000 palabras e como máximo 8.000. Conterá na portada o título da obra e o pseudónimo do seu autor.

Anexo 2: DNI/pasaporte en formato pdf ou jpeg.

Anexo 3: Declaración de orixinalidade asinada polo/a participante mencionando que a obra presentada a concurso é orixinal e inédita, onde conste que é o/a titular de todos os dereitos de explotación da obra a concurso, sen excepción, así coma de que eses dereitos non están cedidos, baixo ningunha condición e onde asegure que non coñece, na data de presentación da obra a concurso, ningunha acción ou reclamación de terceiros que poña en cuestión a autoría da mesma. A non inclusión de dita declaración será motivo para que se exclúa automaticamente, considerándose non emitida e non presentada.

Anexo 4: Autorización para publicación asinada.

Anexo 5: Declaración de domicilio ou residencia do participante no Norte de Portugal ou Galicia.

As obras presentadas que non reúnan os requisitos anteriores non serán admitidas a concurso.

MÁIS INFORMACIÓN

Pode acceder ás bases da convocatoria do premio literario Nortear nas páxinas web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade
<http://www.cultura.gal>
<http://www.edu.xunta.gal/portal/>
ou tamén na páxina web da plataforma Nortear <https://nortear.gnpaect.eu/>

7^a EDICIÓN DO PREMIO LITERARIO NORTEAR



Novos Escritores
Galicia - Norte de Portugal



CANDIDATOS/AS

Poden participar no premio Nortear todas as persoas con plena capacidade xurídica, nadas e/ou empadroadas na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos.

MODALIDADE

O premio literario versará sobre o xénero de relato curto.

Aceptaranse obras orixinais e inéditas, escritas en lingua portuguesa, segundo o novo acordo ortográfico, e en lingua galega, segundo a normativa ortográfica vixente publicada pola Real Academia Galega.

PREMIO

O premio terá unha dotación económica de tres mil euros para o/a gañador/a. Esta cantidade estará suxeita á retención a conta dos impostos que correspondan (IRPF ou outros).

Publicación da obra premiada, en edición bilingüe galego e portugués, de ata 500 exemplares. Tamén se procederá a súa divulgación en equipamentos culturais de Galicia e do Norte de Portugal.

PRESENTACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE ENTREGA

Presentación das **candidaturas online** na web da Plataforma Nortear:
nortear.gnpaect.eu
Incluirán a seguinte información:

Anexo 1: traballo a concurso
Anexo 2: copia do DNI/pasaporte
Anexo 3: declaración de orixinalidade
Anexo 4: autorización para a publicación
Anexo 5: declaración de residencia.

Serán admitidas a concurso todas as obras presentadas **ata as 23:59 (hora española) do día 30 de xuño de 2021, a través da Plataforma Nortear**
<https://nortear.gnpaect.eu>

Cada candidato non poderá presentar máis de dúas obras ao concurso.